



A romaría de Gundián na literatura

Henrique Neira Pereira

valdoulla@yahoo.es

Resumo. Cada 8 de setembro – festa da Natividade da Virxe María – ten lugar no Santuario de Gundián (A Ponte Ulla, Vedra) unha das romarías máis importantes da comarca natural da Ulla, que deixou a súa pegada na literatura desde o século XIX. A véspera, o 7 de setembro, pode asistirse á procesión que parte da igrexa parroquial de Santa María Madanela da Ponte Ulla e remata na capela. O domingo seguinte á festa celébrase o refestexo ou «Gundián Pequeno».

Abstract. Every year on September 8 – the Feast of the Nativity of the Blessed Virgin Mary – the Sanctuary of Gundián (A Ponte Ulla, Vedra) hosts one of the most important celebrations in the Ulla River region, a tradition that has left its mark on local literature since the 19th century. On the eve of the feast, September 7, a procession is held, departing from the parish church of Santa María Madanela da Ponte Ulla and ending at the chapel. On the Sunday following the main celebration, the secondary festivity known as the «Refestexo» or «Little Gundián» takes place.

Quizais o texto máis antigo no que aparece o nome de Gundián asociado ás terras do que hoxe é o concello de Vedra é un documento datado no 16 de setembro de 1143, no que o arcebispo de Santiago Pedro Elías dota de privilexio o mosteiro de San Xoán da Cova, que se erguía á beira da ribeira dereita do río Ulla en terras da actual parroquia vedresa da Ponte Ulla. O documento confirma o couto deste mosteiro, mencionando algúns dos lugares que tería como límites, entre eles na ribeira esquerda do río, *gundilanem*: a pertenza deste terreo ó couto de San Xoán da Cova explica, sen dúbida, por que unha parte do territorio vedrés se encontra na ribeira esquerda do río, rodeado de terras estradenses (López Ferreiro, 1901: 32-36). Hoxe, ese topónimo medieval deu Gundián na escrita, palabra que debemos pronunciar como Gundián (tamén poderíamos escribilo como Gundihán), desfacendo o ditongo, e por suposto con gheada.

Na relación da visita do cóengo cardeal da Igrexa compostelá Jerónimo del Hoyo en 1607 ás distintas parroquias do arcebispado santiagués, dada a coñecer en 1950 por Ángel Rodríguez e Benito

Varela, dise que na parroquia da Ponte Ulla hai ademais da igrexa parroquial dúas ermidas: unha a de «San Adrao», que deixou pegada no nome da localidade de Santardao, e a outra a da Nosa Señora do Gundián, «de la otra parte de la puente en una cuesta» (p. 471).

Con todo, a igrexa pode ser moi anterior, pois segundo David Otero (1996) «no ano de 990, na fontenliña de Gundián apareceu a Santa. A fonte coligaba auga cristaíña que os frades aproveitaron para eles no Mosteiro de San Xoán da Cova. Encol desta fontenliña os frades fixeron unha pequena capela, da cal aínda se conserva o seu retablo e anos máis tarde, levantaron nela a que hoxe acolle á Santísima Virxe de Gundián. A imaxe que se venera arestora non é a primeira, pois aquela, que era do século x, desapareceu sendo abade o Rvdo. Louro Velaio».

Explica ademais Juan Fernández Casal (2003: 127) que existía unha conexión física entre as dúas ribeiras do río, precisamente por ser propietario do santuario o mosteiro de San Xoán da Cova:

Durante a vida activa deste mosteiro os monxes construíron na outra banda do río unha capeliña dedicada a Virxe coa advocación de «Virxe de Gundián». Atendían á capela a través dunha ponte feita con vigas de catorce metros de largo e construído precisamente no mesmo lugar que agora ocupa a ponte do tren.

En 2008 a Asociación Raiceiros publicou o volume *Gundián. Un achegamento a unha paisaxe natural e humana*, no que xa tivemos a oportunidade de recoller algunhas referencias literarias á romaría do Gundián e á paisaxe da súa contorna. Desde aquela, a dixitalización de milleiros de libros permite acceder a obras das que naquel momento descoñeciamos a relación con esta zona da Ulla, polo que nos pareceu interesante facer agora unha nova compilación.

Como curiosidade, existe outra capela de Nosa Señora de Gundián na parroquia de San Xián de Petán e concello da Caniza, que coma o da Estrada está na provincia de Pontevedra. Esta capela está dedicada á Virxe do Perpetuo Socorro e no pasado existía a tradición de pasar por debaixo da Virxe os nenos rebeldes, para que a Santa os «quitara de ser malos» (Franco, 2015).



Véspera da romaría de Gundián, o 7 de setembro de 2014. Foto: Henrique Neira.

Gundián na literatura popular

Debémoslle a Marcial Valladares (Berres, A Estrada, 1821-1903) a recollida dunha copla que mostra a importancia que tiña xa na segunda metade do século XIX esta romaría das terras ullás. Figura no seu *Cancioneiro popular*, datado en 1867 (Luna, 2003: 99):

Teño unha Misa ofrecida
á Virxen de Gundián,
outra teño á dos Dolores,
outra a San Sebastián

Continuando coa literatura popular, pensamos que podería encadrarse neste ámbito unha canción na que menciona Gundián o cóengo Antonio López Ferreiro (Santiago, 1837-Galegos, Vedra, 1910) na súa novela de 1905 *O niño de pombas* (p. 57-58):

Indo pra Cataluña,
Camiño de Gundián,
Encontrey un burro pinto
Montado n-un capitán.
N-a alforxa leva o viño,
N-a cabaza leva o pan.
Entramos n-unha tabema
Con gana de merendar.

O tabarneiro vay n-a cama
 A tabarneira á mallar,
 Un becerro vende o viño,
 O porco fay o xantar.
 As cuncas estaban n-o chan,
 E as xestas n-o cunqueiro;
 O gato sopraba o lume
 Porque era o máis lixeiro.

Aínda que podería ser da autoría de Antonio López Ferreiro, tamén é posible que a recollera da literatura oral da comarca da Ulla, que el coñecía ben tras ser o cura da parroquia de Vedra e mercar unha casa en Galegos, na parroquia de Vilanova. Este tipo de xogos falados ou cancións nas que o mundo está do revés debían ser populares no século XIX e principios do XX, pois hai décadas tivemos ocasión de recoller de Camilo Neira Parada en San Miguel de Sarandón (Vedra) a canción *Era e non era*, que el de neno lle escoitara a seu avó Xan Parada Valdés, nacido en 1863 en San Cristovo (Merín, Vedra); publicámola no caderno de Raiceiros *Ulla oralmente* (2020, p. 43).

Marcial Valladares

O autor de Berres, do que xa falamos no apartado de literatura popular, escribe en 1870 a novela *Majina ou a filla espúrea*, que se publicará por entregas en 1880 e onde fala brevemente «d'as festas e romarias d'os contornos, como Gundian, os Dolores e outras mais» (Valladares, 1880: VI, 317), o que nos confirma que a sona da romaría xa sobrepasa cando menos un século e medio.

Alfredo Vicenti

O xornalista e escritor Alfredo Vicenti Rey (Santiago, 1850-Madrid, 1916) comeza a publicar por entregas en 1875 o ensaio *A orillas del Ulla*, que sairá no xornal ourensán *El Heraldo Gallego* dirixido polo seu amigo e poeta Valentín Lamas Carvajal.

Neste libro describe as terras da Ulla, que puido coñecer ben por pasar unha tempada na parroquia estradense de Oca. Nun dos textos fala das paredes do paso de San Xoán da Cova: «La de la izquierda se

desvanece en caprichosas curvas, sobre una de las cuales blanquea la ermita da Ntra. Sra. de Gundián» (Vicenti, 1875: VI, 248).

Aínda que non menciona expresamente a romaría, o feito de que recolla o nome do santuario xa é indicativo da importancia que tiña nas terras ullás, pois nas proximidades había outros que non figuran na súa obra.

Benito Losada

O médico e escritor Benito Losada Astray (Santiago, 1824-San Mamede de Ribadulla, Vedra, 1891) publica en 1881 na revista madrileña *La Ilustración Gallega y Asturiana* o poema *A festa de Gundián* (08/09/1881, p. 296) que recolle posteriormente en 1886 no seu libro *Soazes d'un vello. Poesías gallegas* (p. 123-131).

O poema de Losada achega unha completa descrición da romaría en centos de versos, dos cales seleccionamos estes do comezo:

chegamos' ó santuario
de Gundian, onde s' alberga
á Virxen mais milagrosa
que s' atopa en moitas légoas.

Nestoutros insiste de novo na súa popularidade na comarca e compara a romaría coas das Dores que se celebraban nas parroquias vedresas de Santa Cruz de Ribadulla e de Vedra:

¡Fai pasmar tanto xentío,
os cregos, o señorío
que alí van!
Non vos send' á d' os Delores,
non se ven festas millores
que Gundian.

Emilia Pardo Bazán

A condesa de Pardo Bazán, Emilia Pardo Bazán (A Coruña, 1851-Madrid, 1921), publica en 1888 o volume *De mi tierra*, no que recolle unha serie de artigos de tema galego, entre eles *Vides y rosas* (Benito Losada). Como adiante na paréntese, fai unha revisión das obras do poeta Benito Losada, entre elas do poema que aquel dedica á romaría do Gundián, texto do que seleccionamos este fragmento (1888: 105):

La Festa de Gundián (que no se me escape ya que acabo de citarla) es una preciosidad digna de ponerse al lado de la *Romería da Barca*, de Rosalía Castro; menos poética, pero más sincera y fiel en cuanto á lenguaje y colorido. De esta vez Benito Losada consigue salir de la piel del ciudadano y colarse en la de uno de esos verdes vejezuelos labradores, dicharacheros y alegres como ellos solos, que son costales de sentencias y arcones de chuscadas; que se han conservado sanos como manzanas, y van á la fiesta no á mirar tristemente como se divierte la mocedad, sino á tomar parte activa, á bailar más que el primero, á beber y hartarse por dos, y á soltar entre bocados de tortillas y besos á la turgente bota, la retahila de sus moralejas rancias, el catecismo del sentido común rural y de la experiencia de los años. Y por boca de este regocijado Nestor sabemos todo lo que pasa en la famosa romería de Gundián, que es sobre poco más ó menos igual á las demás de Galicia: vemos á las mocitas, muy peinadas y alisadas, con su mejor mantelo y dengue, pero con los zapatos en la mano, porque son caros de comprar, saliendo tempranito camino del santuario; oímos gemir la gaita y cruzar el cielo los cohetes: escuchamos los pregones de las rosquilleras; á lo lejos, entre el ramaje, divisamos el carro donde se eleva majestuosa la pipa de vino; nos rompen el tímpano los acordes de la música de Caldelas, cuyos músicos soplan como fuelles de fragua; y al rededor del santuario de la Virgen, andando sobre las ensangrentadas rodillas, ó vestidas con la mortaja que han de llevar al sepulcro, encontramos á las devotas, mientras otras sumergen á sus hijos en el agua milagrosa, que mana al pie de la ermita.

Juan Armada

Juan Armada e Losada, marqués de Figueroa (Madrid, 1861-Figueroa, Abegondo, 1932), sen dúbida coñecía ben as terras da Ulla polas súas visitas ó pazo de Ortigueira, propiedade dos seus familiares os Armada, marqueses de Santa Cruz de Ribadulla, que está situado na parroquia vedresa deste nome.

Menciona a romaría do Gundián no seu libro *Del solar galaico*, no que inclúe o poema *Relembros d'a terra ullán* (p. 127-130). Nel conta a historia dos amores da moza Carmela cos mozos Pedro e Xan; con este último acaba casando e tendo unha nena, que unha vez enferma levan ata a capela coa esperanza da curación.

Describe así o santuario (p. 129):

De Gundian n-o alto
a ermida branquexa,
e sal ô camiño,
d'os que van pra ela,
a Santa d'a Ponte,
santa feitixeira,

qu'è sosten e guía
 n-a senda que levan,
 tantas que n-o val,
 –chamen coma queiran–
 merecen chamarse
 tamen Manadelas!

E conclúe o poema deste xeito (p. 130):

C'os ollos de neno,
 n-o lonxe, moi lonxe
 Gundian, eu te vexo!...
 ¡Cántas veces fun
 de Gundian o tempo!
 de neno n-o colo,
 por meu pé, pequeno,
 e canto qué dera,
 por ire de vello!

Pedro Varela

O político, xornalista e escritor Pedro Varela Castro (Lema, Arzúa, 1879-A Estrada, 1958) na súa guía *La Estrada*, publicada en 1923, escribindo sobre o monte de San Miguel de Castro, na parroquia estradense do mesmo nome, di (p. 152):

Una de las laderas del estrecho de San Xuan da Cova, está en términos de esta parroquia: en el Castro o Campamento antiguo que le da nombre, se dice estuvo la Capilla de Gundián.

Aínda que non se refire á romaría, resulta interesante o dato que achega da tradición oral, indicando que a situación do santuario antigamente debeu ser nun punto máis alto que o actual.

Manuel García Barros

O mestre, xornalista e escritor Manuel García Barros (Ulla, Berres, A Estrada, 1876-Callobre, a Estrada, 1972) menciona Gundián no seu volume *Contiños da terra* (1931). Nun deles, referíndose ás romarías do verán na Ulla, escribe (p. 36): «Estaba preto a festa de San Lois, festa que coma Gundián, o san Xorxe e algunha máis, é costume, e daquela erao máis, d'iren a xantar alí, un si e outro tamén, case tódo-os veciños en catro légoas á redonda».

O San Lois probablemente é o da parroquia estradense de Orazo, que se celebra o 25 de agosto. O San Xorxe, o 23 de abril, quizais é o da parroquia estradense de Codeseda, aínda que puidera ser tamén o de Cereixo ou o de Veá.

Noutro texto, falando de costumes, escribe (p. 132): «De maneira que o ir ó Sanmartiño coas mulas era algo así, ou pouco menos, coma levá-los rapaces a Gundián, ou ir ó preceuto na Coresma».

Gerardo Gasset

O diplomático e escritor Gerardo Gasset Neyra (A Pobra do Caramiñal, 1899-Vista Alegre, Vedra, 1969), dos Neyra do pazo de Vista Alegre da Ponte Ulla (Vedra) e primo de José Ortega y Gasset publica en 1945 a obra teatral *Nuestra Señora de Gundián. Misterio en una jornada y dos cuadros*, onde reflicte como era a romaría en tempos pasados, retratando no texto diversos personaxes populares que sen dúbida era frecuente atopar nas romarías da Ulla e se cadra de toda Galicia.

Manuel Reimóndez

O médico, político e escritor Manuel Reimóndez Portela (San Miguel de Castro, A Estrada, 1916-1994) escribe sobre Gundián no seu ensaio *A Estrada rural* (1990), que tivo unha nova edición no 2007. No capítulo dedicado á parroquia de San Miguel de Castro (2007: 130) indica:

A Nosa Señora de Gundián na súa capela e o mítico pozo de San Xoán da Cova co seu mosteiro desaparecido, enchendo a paisaxe coas fermosas lendas que complementan un todo inesquecente. En datas de moi lonxe apareceron uns ingleses que se puxeron a cavar para buscar ferro, querendo facer unha mina neste castro... opúxose a eles, por vía xudicial, o veciño Valladares (home prudente) e logrou evitalo.

Tampouco pasaron tantos anos para lembrar que os veciños da parroquia da Ulla pola festa de Gundián botaban alí a pólvora e incluso subía alí a banda de música para tocar a alborada.

O feito de subir a banda de música ata o castro tería que ver, pois, co que indicaba Pedro Varela de que a capela do Gundián estivo antigamente no monte do Castro, na parroquia estradense de San Miguel de Castro.



Véspera da romaría de Gundián, o 7 de setembro de 2014. Foto: Henrique Neira.

Juan Fernández Casal

O mestre e investigador Juan Fernández Casal publicou no número 6 (2003) desta mesma revista, *A Estrada*, o artigo *A Virxe de Gundián*, no que describe a romaría e resume perfectamente o sentido da parte ritual asociada á curación de enfermidades infantís (p. 129):

Os pais buscaban a saúde dos fillos noutras esferas ó fallar as humanas. Acudían á Virxe de Gundián o día da festa en procura de remedio. E o remedio consistía en baña-lo cativo nas augas da fonte da capela para curalos dos seus males reais ou imaxinarios.

Na rede

Se buscamos información sobre a romaría do Gundián na Ulla aparecen unha chea de datos entre eles blogs e webs onde se achegan datos e imaxes sobre ela, nalgúns casos con certa calidade literaria. Perdurarán toda esta información ou a súa existencia será efémera? Só o saberemos co tempo, o que si é indubidable é que temos noticia da popularidade desta romaría ullá desde hai máis de século e medio, o que non é pouco.

Bibliografía

- DEL HOYO, Jerónimo (1607) [1950]. *Memorias del Arzobispado de Santiago*. Edición de Ángel Rodríguez e Benito Varela. Santiago, Porto y Cía Editores.
- FERNÁNDEZ CASAL, Juan (2003). *A Virxe de Gundián*. En: *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*. Nº 6 (2003). P. 125-136
- FRANCO, Óscar (2015). *Capela de Gundián*. En: <https://patrimoniogalego.net/index.php/78807/2015/10/capela-de-gundian>, recuperada o 5 de outubro de 2025.
- GARCÍA BARROS, Manuel (1931). *Contiños da terra*. A Cruña, Nós Publicacións Galegas e Imprenta.
- GASSET NEYRA, Gerardo (1945). *Nuestra Señora de Gundián. Misterio en una jornada y dos cuadros*. Madrid, Sucesores de Rivadeneira.
- LÓPEZ FERREIRO, Antonio (1901) [1899-1910]. *Historia de la Santa A.M. Iglesia de Santiago de Compostela*. Santiago de Compostela, Imp. y Enc. del Seminario Conciliar Central. T. IV. P. 32-36 (doc. 12).
- LÓPEZ FERREIRO, Antonio (1905) [K]. *O niño de pombas*. Santiago, Tip. Gallica.
- LOSADA ASTRAY, Benito. *Relembro d'aló. A festa de Gundián*. En: *La Ilustración Gallega y Asturiana*. 08/09/1881. P. 296.
- LUNA SANMARTÍN, Xosé (2003). *Marcial Valladares Núñez. Cantigueiro popular*. A Estrada, Fundación Cultural da Estrada.
- NEIRA PEREIRA, Henrique e Fermín GONZÁLEZ BLANCO, coord. (2008). *Gundián. Un achegamento a unha paisaxe natural e humana*. Vedra (A Coruña), Asociación Raiceiros.
- OTERO FERNÁNDEZ, David (1996). *Teimoso por ilusionar*. En: *Manuel Reimón-dez Portela na lembranza*. Sada (A Coruña), Edicións do Castro. P. 166-167.
- PARDO BAZÁN, Emilia (1888). *De mi tierra*. A Coruña, Tipografía de la Casa de la Misericordia.
- VALLADARES, Marcial (1880). *Majina ou a filla espúrea*. VI. En: *La Ilustración Gallega y Asturiana*. Nº 25, 08/09/1880. P. 317.
- VARELA CASTRO, Pedro (1923). *La Estrada*. Santiago de Compostela, Tipografía de El Eco de Santiago.
- VICENTI REY, Alfredo (1875). *A orillas del Ulla. Perfíles gallegos*. En: *El Heraldo Gallego*. Nº 85, 12/08/1875. P. 248.